

## SEXTA.- Normativa

No non previsto no presente convenio, estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, pola Lei 57/2003, do 16 de decembro e pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e demais normas que resulten aplicables.

## SÉTIMA.- Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo, sendo de aplicación as normas desta orde para a súa interpretación e resolución de dúbidas que puidesen xurdir respecto diso. Todas as cuestións que se poidan presentar no tocante ao seu cumprimento, interpretación, resolución e efectos, serán dilucidadas ante a xurisdición contencioso – administrativa”.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de presidencia número 51758 de data 12 de decembro de 2024.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REITOR DA UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN  
STOP ACCIDENTES**

**Asdo. Valentín González Formoso**

**Asdo. Antonio López Díaz**

**Asdo. Jeanne Picard Mahaut**

**A SECRETARIA XERAL DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo. Amparo Taboada Gil**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 91 /2024

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS XORNADAS FORMATIVAS SOBRE “RETOS DERIVADOS DE LA MOVILIDAD SOSTENIBLE Y DE LAS NUEVAS TECNOLOGÍAS EN LA SEGURIDAD VIAL Y EN LA ASISTENCIA A LAS VÍCTIMAS”.**

Na Coruña, a 16 de decembro de 2024, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, Don Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela,

Doutra parte, Dona Jeanne Picard Mahaut, Presidenta da Asociación STOP Accidentes.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal bastante e representación suficiente para outorgar o presente documento e a tal fin.

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que a Deputación da Coruña, como titular da rede viaria provincial, asume entre as súas funcións e compromisos a realización de actividades formativas como canle esencial para conseguir a mellora da seguridade viaria nas estradas

A Deputación da Coruña é consciente das múltiples perspectivas que se presentan á hora de abordar a seguridade viaria, entre elas as vertentes relacionadas coa análise xurídico e criminolóxico, así como as relacionadas coa asistencia ás vítimas dos accidentes. Isto é especialmente relevante nestes tempos nos que asistimos á aparición de novos escenarios no

ámbito da mobilidade e a grandes avances na capacidade tecnolóxica dos vehículos, que plantexan novas cuestións nestas materias.

Para levar a cabo o compromiso da Deputación da Coruña considérase que a participación nestas xornadas formativas de institucións públicas, como a Universidade de Santiago de Compostela (USC) -a través do Instituto de Criminoloxía-, así como a participación de entidades privadas como a Asociación STOP Accidentes, constitúe a canle idónea para dar unha adecuada resposta a estes novos problemas que se plantexan.

**SEGUNDO.-** Que o Instituto de Criminoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un instituto universitario de investigación creado por Orden Ministerial de 17 de xullo de 1978, que ten entre os seus fins a promoción, impulso e desenvolvemento do coñecemento e investigación da Criminoloxía, incluíndo a celebración de conferencias e cursos.

**TERCEIRO.-** Que a Asociación STOP Accidentes da provincia da Coruña é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo concienciar á opinión pública, incluíndo á clase política e xudicial. Este obxectivo lévase a cabo loitando contra a delincuencia viaria, comprometéndose na axuda psicosocial e xurídica ás vítimas da violencia viaria.

**CUARTO.-** Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose todas as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a Deputación Provincial da Coruña, o Instituto de Criminoloxía da USC, e a Asociación STOP Accidentes é a colaboración para o desenvolvemento conxunto de dúas xornadas formativas sobre:

*“Retos derivados de la movilidad sostenible y de las nuevas teconologías en la seguridad vial y en la aistencia a las víctimas”*

### SEGUNDA.- Actuacións.

A Deputación Provincial da Coruña, o Instituto de Criminoloxía da USC e a Asociación STOP Accidentes, en virtude do disposto neste convenio comprométense, no ámbito das súas competencias, a colaborar no deseño do marco formativo axeitado ós fins perseguidos.

Entre estas modalidades de colaboración inclúese a realización conxunta das xornadas formativas relacionadas na cláusula primeira destinadas á formación do persoal universitario, xudicial, corpos de seguridade e persoal de emerxencias.

Para estes efectos, a Deputación provincial a través do Servizo de Vías e Obras, comprométese á organización material das xornadas. No expediente 2024000048119 tramitouse unha proposta de gasto por unha contía de 4.800,00 € na aplicación orzamentaria 0410/4501/22699, con cargo ao RC co número de operación 220240055862 para facer fronte ós gastos de transporte dos relatores, retribucións e imprevistos. Respecto aos gastos imputables ao Pazo de Mariñán, o custo dos servizos son os incluídos no artigo cuarto da Ordenanza nº 14 Reguladora do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, publicada no BOP nº 116 do 20/06/2019, que é a ordenanza que está en vigor e aplicable para o ano 2024.

A este respecto, o artigo terceiro da citada ordenanza recolle: *“Artigo 3. Non obrigados ao pago Non están suxeitos ao pago destes prezos públicos pola utilización das instalacións os seguintes casos:*

- *A celebración de actos institucionais que, ben de oficio ou a proposta doutras administracións públicas, fundacións, asociacións, empresas ou entidades, organice ou presida a Deputación da Coruña.*

- *A celebración de actos promovidos polas institucións ou entidades nos que a Deputación da Coruña actúe como anfitrión, sempre que a súa participación institucional leve aparellada a achega de instalacións. (...)*

Pola súa banda, o Instituto de Criminoloxía da USC e a Asociación STOP Accidentes comprométense a colaborar na difusión destas xornadas formativas entre o persoal dos seus respectivos ámbitos e influencias, colaborando de forma permanente, tanto coa Deputación coma cos seus membros, na información e publicidade destas dúas xornadas.

Non se establecen outros compromisos específicos de orde orzamentario ou económico-financeiro no cumprimento do presente acordo.

### TERCEIRA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións, e á que lle corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio. Nesta comisión actuarán como representantes por parte da Deputación a deputada de Vías e Obras, ou persoa en quen delegue; por parte do Instituto de Criminoloxía da USC, ó seu director ou persoa en quen delegue e, por parte da Asociación STOP Accidentes, á súa presidenta provincial ou persoa en quen delegue.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

### CUARTA.-Vixencia

O presente convenio, unha vez formalizado, entrará en vigor con efectos **01/12/2024** e terá vixencia ata a data de finalización da celebración das xornadas e, en todo caso, ata o **31/12/2024**.

### QUINTA.-Colaboración institucional

Tanto a Deputación Provincial da Coruña como o o Instituto de Criminoloxía da USC e a Asociación STOP Accidentes, comprométense a manter e intensificar a vixente vía de colaboración institucional entre todas as entidades coa intención de favorecer a efectiva realización das actuacións definidas nestas cláusulas, tratando de mellorar así a eficacia da loita pola mellora da seguridade viaria e a atención ás vítimas, para o fomento da colaboración mutua naqueles asuntos que se estime de interese e relevancia para a consecución dos obxectivos marcados no marco formativo ou calquera outra que se estime conveniente.